



Resolución da Dirección Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se actualiza a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico SOLÉNIDOS, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende a superficie, da Confraría de pescadores de Ribeira

Antecedentes

1. O 08.02.2023 esta dirección territorial ditou a Resolución pola que se fixo pública a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico SOLÉNIDOS, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende a superficie, da confraría de pescadores de Ribeira (en diante plan de xestión).

2. O 10.02.2023 esta dirección territorial ditou Resolución comunicando o emprego da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión, que deu como resultado o outorgamento de unha (1) cota máis á única embarcación que formaban parte da lista aberta, pasando de unha (1) a dúas (2) cotas.

3. A Orde do 19 de decembro de 2024 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027 (DOG Núm. 251, de 31.12.2024).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión (PE410A 2024/58-1), estableceuse un número máximo de 22 embarcacións con 44 persoas tripulantes habilitados con dereito a cota para todo o trienio 2025-2027.

Trala finalización do último proceso de renovación de 2024 desta modalidade na entidade para o trienio 2025-2027, o número de embarcacións con solénidos no permiso de explotación autorizadas para participar no plan é de 22 embarcacións e 44 habilitacións, polo que non hai a día de hoxe cotas/prazas vacantes.

4. O 28.11.2024 a única embarcación da lista, ALEGRANZA (CFPO 56774), finalizou un procedemento de transmisión do permiso de explotación que supuxo un cambio da persoa armadora. Esta foi advertida na resolución de conformidade previa coa transmisión (do 29.10.2024), de que a embarcación estaba incluída nunha lista para o incremento de cotas de captura de recursos específicos e de que debería tramitar o procedemento PE401M para a actualización dos méritos referentes ao novo armador. Indicábase na dita resolución que, de non facelo, excluíríase a embarcación da lista ou listas nas que se atopase incluída.





A día de hoxe non consta solicitude de actualización de méritos por parte da nova persoa armadora da embarcación ALEGRANZA (CFPO 56774).

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos artigos 39 a 46 o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.
2. No punto 4 do artigo 39 da Orde do 30 de decembro de 2015, establécese que as listas estarán abertas permanentemente para que as persoas armadoras de embarcacións interesadas incluídas no plan de xestión poidan solicitar a inscrición.
3. As embarcacións admitidas están incluídas no plan de xestión de solénidos da confraría de pescadores de Ribeira e cumpren os requisitos establecidos para participar no sistema de listas para o incremento do número de cotas de captura do dito recurso específico (artigos 41 e 42 da Orde do 30 de decembro de 2015).
5. No caso de que se efectúe a transmisión do permiso de explotación dunha embarcación inscrita na lista, a embarcación causará baixa nesta. Para a súa inclusión, a nova persoa armadora deberá presentar unha nova solicitude de inscrición na lista ao obxecto de actualizar os méritos para a nova persoa armadora no momento en que se autorice a transmisión do permiso de explotación.
6. Esta dirección territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Actualizar a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico SOLÉNIDOS, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende a superficie, da Confraría de pescadores de Ribeira, que queda sen embarcacións integrantes.





2. Excluir da lista aberta á embarcación ALEGRANZA (CFPO 56774) por non ter presentado solicitude de actualización de méritos para a nova persoa armadora despois da transmisión do permiso de explotación realizada o 28.11.2024.

3. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución ante a Dirección Territorial da Coruña da Consellería do Mar. As alegacións non se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, de ser o caso, si se terán en conta para a puntuación definitiva.

O artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a obrigabilidade para as persoas traballadoras autónomas de relacionarse a través de medios electrónicos no ámbito do sector público autonómico para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional. Por tanto, as alegacións, deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado asociado á solicitude inicial do procedemento PE401M (achega de documentación separada da solicitude) ou ben a través do formulario de alegacións dispoñible nos modelos xenéricos da sede electrónica (<https://sede.xunta.gal>).

Para a presentación da documentación será necesario identificarse electronicamente mediante calquera dos sistemas de identificación e sinatura admitidos pola sede da Xunta de Galicia.

A presente resolución publicarase na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro da confraría de pescadores de Aguiño.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Ribeira consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A directora territorial
María José Cancelo Baquero



ANEXO I: Lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión de solénidos da Confraría de pescadores de Ribeira

Embarcación	Matrícula	Folio	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional persoa armadora C.2	Habitualidade pesqueira C.3	Total
-------------	-----------	-------	---	---	-----------------------------	-------

*Non hai embarcacións integrantes da lista aberta

Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

- **TOTAL:** puntos acadados en total.
- **C.1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.**
- **C.2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación.**
Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como mergulladora en embarcacións que contan coa modalidade nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo. Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase nos 2 anos anteriores á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.
- **C.3: Habitualidade da actividade pesqueira.**
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos.

Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase o ano natural inmediatamente anterior á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

